



RESOLUCIÓN DE 28 DE XUÑO DE 2018, DO XERENTE DE XESTIÓN INTEGRADA DA CORUÑA POLA QUE SE RESOLVE A CONVOCATORIA DE DATA 21 DE NOVEMBRO DE 2017 (DOG Nº 234, DO 12 DE DECEMBRO), DE VINCULACIÓN TEMPORAL PARA A COBERTURA DE DIVERSAS PRAZAS DA CATEGORÍA DE FACULTATIVO ESPECIALISTA DE ÁREA PARA OS SERVIZOS SANITARIOS DE ATENCIÓN ESPECIALIZADA DA DEVANDITA XERENCIA – ESPECIALIDADE DE PEDIATRÍA E AS SÚAS ÁREAS ESPECÍFICAS – HOSPITAL VIRXE DA XUNQUEIRA

Con data 15 de xuño de 2018 a Xerencia de Xestión Integrada da Coruña resolveu publicar as puntuacións obtidas polos aspirantes no conxunto das dúas fases das que consta o procedemento establecido na convocatoria de data 21 de novembro de 2017 (DOG nº 234, do 12 de decembro), de vinculación temporal para a cobertura de diversas prazas da categoría de Facultativo Especialista de Área para os servizos sanitarios de atención especializada da devandita Xerencia – Especialidade de Pediatría e as súas áreas específicas (Hospital Virxe da Xunqueira), con apertura dun prazo de cinco días hábiles para a presentación de reclamacións polos/as aspirantes.

O apartado 4 da Base Sexta da Convocatoria establece que, resoltas as reclamacións, a Comisión de Avaliación elevará o listado definitivo á Xerencia, coa proposta de adxudicación do vínculo a favor daqueles aspirantes que acrediten a maior puntuación.

Emitida a proposta por parte da Comisión de Avaliación, e de conformidade co establecido na Base Sétima da Convocatoria, esta Xerencia de Xestión Integrada

RESOLVE:

Primeiro.- Publicar, como Anexo I, as puntuacións definitivas acadadas polos aspirantes no conxunto das dúas fases de que consta o proceso.

Segundo.- Adxudicar o nomeamento a aquel/a aspirante que acadou a maior puntuación, segundo se recolle no Anexo II.

Terceiro.- Fixar como data de sinatura do nomeamento e incorporación efectiva á praza o día 1 de xullo de 2018.



Contra a presente Resolución poderá interpoñerse, nos termos previstos na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, recurso de alzada perante a Dirección Xeral de Recursos Humanos do Servicio Galego de Saúde, no prazo dun mes contado dende o día seguinte á súa publicación.

DILIXENCIA:

Para facer constar que con esta mesma data procédese á publicación da presente Resolución nos taboleiros de anuncios da Xerencia de Xestión Integrada da Coruña

A Coruña, 28 de xuño de 2018
O Director de RR.HH.

Asdo.: Javier Fernández Nistal

A Coruña a 28 de xuño de 2018

O XERENTE DE XESTIÓN INTEGRADA DA

EOXI A CORUÑA

 SERVIZO GALEGO de SAÚDE | Xerencia de Xestión Integrada A Coruña

XERENCIA

Asdo.- Luis Verde Remeseiro



ANEXO I

RESULTADOS DEFINITIVOS NO CONXUNTO DAS DÚAS FASES

Especialidade: Pediatría e as súas áreas específicas (Hospital Virxe da Xunqueira)

ASPIRANTE	FASE 1 (VALORACIÓN DE MÉRITOS)	FASE 2 (ENTREVISTA)	TOTAL
Piñeiro Rodríguez, Loreley	24,98	17,00	41,98



ANEXO II

ASPIRANTES SELECCIONADOS/AS

Especialidade: Pediatría e as súas áreas específicas (Hospital Virxe da Xunqueira)

Apelidos e Nome	Centro	Tipo de Vínculo
Piñeiro Rodríguez, Loreley	Hospital Virxe da Xunqueira	Interinidade en praza vacante